

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, acordou con data do 23.08.2019, o seguinte acordo:

“A Concellería de Xuventude ten entre outros obxectivos, fomentar a participación dos mozos e mozas da localidade en todos os ámbitos sociais impulsando o asociacionismo xuvenil como elemento concreto de participación, facilitando para o mesmo as canles, medios e recursos adecuados.

O Exmo. Concello de Ferrol acordou en Pleno, na súa sesión do día 28.09.17, a proposta de aprobación inicial do Regulamento de uso e funcionamento da Casa da Xuventude. O texto íntegro de dito Regulamento publicouse no Boletín Oficial da Provincia do día 22.12.17.

O artigo 8.2. regula o procedemento para a cesión anual de espazos.

Dito artigo establece que o Concello de Ferrol establecerá cada ano un prazo de trinta días naturais para presentar solicitudes á Concellería de Xuventude. Cada solicitude presentada debe acompañarse da seguinte documentación:

- Proxecto de actuacións e actividades.
- Fotocopia dos Estatutos da entidade.
- CIF da entidade.
- Identificación da persoa que representa á entidade.
- Número de rexistro de entidades do Concello de Ferrol.
- Seguro de responsabilidade civil.

Unha vez evaluado cada proxecto presentado segundo o punto 4 do artigo 8.2 do Regulamento, procederase ao reparto de espazos para a participación social na xestión da Casa, que será como máximo por un ano, con posibilidade de prórroga, previa solicitude en tal sentido

As entidades que non consigan espazo pasarán a unha lista de agarda.

A vista do anterior, propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística que adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a convocatoria dirixida a entidades xuveniles para solicitar un espazo de xestión social na Casa da Xuventude.
- Aprobar o prazo para dita convocatoria dende o 2 de setembro ao 1 de outubro de 2019 (30 días naturais).
- Aprobar a publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios e na páxina web (www.ferrol.gal/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios) do Concello de Ferrol.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral